

Orde do 30 de marzo de 2023 pola que se convoca o procedemento para a concesión do uso de instalacións xuvenís para a realización de programas de ocio educativo e tempo libre durante a Campaña de verán 2023 para colectivos xuvenís (código de procedemento BS304A).

INFORMACIÓN SOBRE OS PREZOS APLICABLES

Artigo 16. Tarifas

1. Os prezos dos servizos ofertados nesta orde aparecen recollidos no **anexo I, epígrafe A.1**, da Orde do 1 de abril de 2016 pola que se fixan os prezos privados correspondentes á prestación de servizos nas instalacións xuvenís e á expedición de carnés dirixidos á mocidade, xestionados pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

De acordo co citado **anexo I, epígrafe A.1**, da citada orde de prezos, distínguese en función do tipo de de instalación (albergue ou campamento):

"... **A:** Pola utilización dos campamentos e albergues xuvenís durante a Campaña de verán establécense os seguintes **prezos por praza:**

A.1. En réxime de oferta concertada (dirixida a grupos).

A.1.1. Campamentos:

	<u>Tarifa en euros</u>
Por quenda de quince días.....	140
Por quenda de doce días.....	113
Por día.....	14

A.1.2. Albergues e residencias:

Por quincena.....	189
Por día.....	20

..."

DESCONTOS APLICABLES:

- **50%** no caso de entidades inscritas no rexistro da Consellería de Política Social e Xuventude como entidades prestadoras de servizos sociais.

- **50%** no caso de asociacións xuvenís e as entidades prestadoras de servizos á mocidade domiciliadas na Comunidade Autónoma galega e inscritas no correspondente censo ou rexistro dependente da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.